

O Mosteiro de CARBOEIRO



CONDICIÓNS E NORMAS GRUPOS ESCOLARES

- Podedes contactar con nós para consultar a dispoñibilidade de datas ou aclarar calquera dúbida a través do correo electrónico visitas@mosteirodecarboeiro.com ou dos teléfonos 986572267 e 685860772.

- O cumprimento e envío da ficha de inscrición supón a aceptación das presentes normas e condicións.

PROCESO DE INSCRICIÓN

Para facer efectiva a reserva da visita deberedes remitirnos a ficha de inscrición on-line.

Seguidamente remitiremosvos a confirmación asignando a data definitiva (escollida entre as datas preferentes expostas na solicitude) por correo electrónico.

Será preciso ingresar o 20% do importe total da actividade nun prazo máximo de 15 días despois de recibir a confirmación. O ingreso efectuarase na conta "Caixa de Arquitectos: 3183-4300-78-0000880751" co concepto de RESERVA CARBOEIRO. No caso de non ter efectuado o ingreso no prazo marcado procederase á anulación da reserva.

Posteriormente achegarémosvos a chave de usuario para entrar na zona privada da web.

Neste espazo atoparedes a GUÍA DO PROFESORADO, con información detallada sobre a actividade e diferentes propostas para preparar a visita.

O resto do importe poderase ingresar na mesma conta ou entregalo o mesmo día da visita.

ANULACIÓNS E CAMBIOS DE DATA

-Para anular a visita será preciso comunicalo polo menos cunha anterioridade de 5 días lectivos á data fixada. Sendo así devolverase o importe da reserva. No caso de anular a actividade pasado ese período non se devolverá o importe da reserva, salvo motivos de forza maior debidamente xustificados.

- O grupo poderá solicitar o cambio de data da visita ata 5 días lectivos antes da súa realización. Sendo así, non se efectuará ningún cargo adicional.

- En caso de mal tempo poderase pospoñer a visita sempre que haxa mutuo acordo entre o responsable do grupo e a organización. Neste caso non se realizará ningún cargo adicional.

PERSOA DE CONTACTO E PROFESORES/AS ACOMPAÑANTES

- A persoa de contacto estará dispoñible durante o proceso de solicitude e reserva nos teléfonos e horarios de contacto detallados na ficha de inscrición.

- Haberá un/unha profesor/a acompañante como mínimo por cada grupo de 25 alumnos/as.

- O/a docente permanecerá ao cargo do grupo durante o tempo libre.

- Preocuparse para que o grupo respecte o contorno, o monumento e os diferentes materiais da actividade.

- Intervirá nos posibles conflitos entre os/as participantes.

RECOMENDACIÓNS

- A inscrición pódese facer durante todo o curso. Aínda así, recomendamos realizala canto antes, xa que as datas adxudicaranse por orde de chegada das solicitudes.

- Levar roupa cómoda e calzado apropiado.

- Haberá un tempo libre no que os rapaces e as rapazas poderán almorzar, se é o caso.

PREZOS

130 € por grupo de ata 25 alumnos/as.

No caso de grupos pequenos consultar coa organización.